

REGULAMENTO DO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER

ción co 86 da Lei estatal 30/92, ábrese un período de información pública que durará vinte días, contados a partir do día seguinte o da publicación deste edicto no BOP, para que todo aquel que se considere afectado dalgún xeito pola actividade que se pretende establecer poida face-las observacións pertinentes.

O expediente está a disposición do público e pódese consultar durante as horas de oficina no Rexistro desta Xerencia Municipal de Urbanismo (Exped. 29.333/422).

Vigo, 19/02/2007.—O Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, José Manuel Figueroa Vila. 2007002015

* * *

A R B O

A N U N C I O

A Xunta de Goberno Local do concello de Arbo, en sesión do día da data, aprobou inicialmente o "Proxecto de Urbanización da 2ª Fase do Parque Empresarial de Arbo", promovido por Xestur Pontevedra S.A., e redactado por don Gustavo Piñeiro Valverde (LKS Ingeniería, S Coop.). De conformidade co establecido no Art. 110.4 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se somete a información pública por prazo de vinte días a partir da publicación de este anuncio. Calquera interesado poderá examinar o expediente na Secretaría do concello de Arbo e formular as alegacións que estime pertinentes.

Arbo, 22 de febreiro de 2007.—O Alcalde, Manuel Rivera Domínguez. 2007002025

* * *

B U E U

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

Ó non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ó público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio do Regulamento do Centro de Información á Muller.

O Texto íntegro faise público para o seu xeral coñecemento e en execución do disposto no art. 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

REGULAMENTO DO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER DO CONCELLO DE BUEU

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estatuto de Autonomía de Galicia dispón no seu artigo 4.2º que corresponderá ós poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que integran sexan efectivos e reais, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

A tenor do artigo 2 da Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, de creación do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, constitúese como obxectivo principal de dito organismo a consecución da igualdade efectiva de mulleres e homes, removendo os obstáculos que impidan a participación e a integración da muller na vida social, cultural, educativa, económica e política de Galicia.

Establecido así dito obxectivo a nivel autonómico, facíase necesaria a disposición de medios materiais e persoais a nivel municipal que puidesen, segundo o principio de subsidiariedade, acadar a realidade social pretendida e achegar, como administración máis próxima ó cidadán, o que se acadou a través dos Centros da Información ás Mulleres.

Así o concello de Bueu comenzo dita singradura no ano 2003, coa creación do CIM, ofrecendo ós veciños un servizo novedoso e cada vez máis necesario, chegando á súa máxima expresión coa aprobación polo Pleno da Corporación en febreiro do ano 2005 do I Plan de Igualdade, labor que se consolidou coa integración do CIM de Bueu no ano 2005 na Rede de Centros de Información ás Mulleres que puxo en marcha a Administración Autonómica.

Con este regulamento preténdese dar un paso máis nesa labor contínuo dispoñendo dun marco xurídico adaptado ó funcionamento e organización do CIM, e así procurar unha cada vez mellor prestación dos servizos que se ofrecen en clara consonancia coa labor social desenvolta dende o Concello.

ARTIGO 1.—OBXECTO

O presente regulamento ten por obxecto a regulación do Centro de Información á Muller (en diante CIM) do Concello de Bueu de titularidade municipal, establecendo como obxectivo principal asesorar e informar dende unha perspectiva de xénero ás persoas que o soliciten, tendo en conta os principios do traballo social de globalidade, polivalencia e responsabilidade pública (para todas as situacións, para todas as persoas e de forma gratuíta).

Trátase dun serizo social de atención especializada para as mulleres, comprendido nas competencias atribuídas ós Concellos pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 15 da Lei 4/93, do 14 de abril, de servizos sociais.

ARTIGO 2.—ORGANIZACIÓN

O CIM dependerá da Concellería da Igualdade e do Benestar, ou, no seu caso da Concellería da área correspondente, que velará para que o CIM responda á súa finalidade, se obteñan os obxectivos sinalados no Plan de Igualdade aprobado pola Corporación e se avalie regularmente o seu funcionamento.

En todo caso na súa actuación deberá coordinarse cos servizos implicados no seu obxecto, especialmente co Departamento Municipal de Servizos Sociais, segundo as instrucións que dende a Concellería responsable se impartan, debendo, en todo caso, levar a cabo, con carácter mensual, reunións de coordinación das que se dará conta á referida Concellería.

ARTIGO 3.—USUARIOS

Terán a consideración de usuarios do CIM de Bueu tódalas persoas, tanto homes como mulleres, que se vexan afectados por situacións de desigualdade e requiran a intervención do CIM.

ARTIGO 4.—PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN

O desempeño das funcións propias do CIM do Concello de Bueu estará inspirado polos seguintes principios:

- 1.—O anonimato na identidade dos usuarios, salvo decisión en contra destes.
- 2.—O respecto á vontade dos usuarios na busca das posibles solucións e alternativas ás consultas expostas.
- 3.—A gratuidade de todos os servizos que se houberan de prestar, atendendo en todo caso á vocación de servizo público.
- 4.—O respecto ó principio de confidencialidade por parte do persoal do CIM e demais persoal municipal, que por mor da súa intervención nos expedientes ou situación que se plantexe entren a coñecer da mesma, garantizando a privacidade das comunicacións, salvo autorización dos usuarios.

ARTIGO 5.—FUNCIONES

O CIM, dentro do seu ámbito territorial e na súa área de influencia, desenvolverá, con carácter de mínimos, as funcións e prestará os servizos que se relacionan:

- 1.—Información e asesoramento xurídico.

- 2.—Impulsar a información e inserción laboral das mulleres en coordinación coa ADL (Axente de Desenvolvemento Local).

- 3.—Atención psicolóxica.

- 4.—Dar a coñecer ás potenciais usuarias os seus dereitos, así como os recursos existentes nas diferentes Administracións Públicas, procedendo, cando resulte necesario ou conveniente á derivación correspondente.

- 5.—Difusión e sensibilización cidadá acerca da vixencia e aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes.

- 6.—Funcionamento como canle de comunicación entre as usuarias e os distintos organismos que tiveran competencia en materia de muller.

- 7.—Información sobre cursos, estudos e xornadas en materia de igualdade de oportunidades e, en especial de difusión das actividades e servizos desenvolto polo Concello de Bueu e o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

- 8.—Realización de conferencias, encontros, xornadas, cursos sobre temas de interese para a muller: violencia de xéneros, separación matrimonial, planificación familiar, educación dos fillo/as, asociaciónismo, auto-estima, sexualidade, voluntariado..., etc.

- 9.—Atención específica a mulleres vítimas de violencia de xénero, poñendo a súa disposición, facilitando ou informando sobre o acceso ós recursos existentes na Comunidade Autónoma e no Concello a través da xestión urxente cos servizos policiais, sanitarios, psicolóxicos, xudiciais e sociais que fosen oportunos.

- 10.—Recepción de denuncias e queixas en materia de discriminación por razón de sexo no ámbito da publicidade e os medios de comunicación e traslado destas ó órgano competente.

- 11.—Fomento do asociaciónismo e da participación das mulleres na vida social da comunidade (coordinación coa área de animación socio-cultural do Concello).

- 12.—Emitir informes e presentar propostas á consideración da Concellería da área.

- 13.—Realizar terapias individuais e de grupo e cantas intervencións profesionais sexan aconsellables, coas usuarias

- 14.—Calquera outra actividade que se adecúe ó obxecto prioritario da consecución da igualdade.

ARTIGO 6.—PRINCIPIOS E MODALIDADES DE ACTUACIÓN

Xunto coa universalidade da atención ás mulleres e a busca da necesaria coordinación interinstitucional preservárase a voluntariedade, neutralidade e confidencialidade da atención e asesoramento

prestado e aplicaranse tódolos principios xenéricos da prestación de servizos sociais.

As modalidades de intervención que se prestan serán:

- Información e orientación xeral dende unha perspectiva de xénero.
- Asesoramento xurídico e legal.
- Orientación psico-social.
- Apoio e intervención psicolóxica, xurídica e social.
- Acompañamentos, interposición de solicitudes e tramitacións diversas a favor das mulleres maltratadas que o soliciten e se comuniquen á Concellería correspondente.

As distintas modalidades de intervención desenvolveranse baixo a consideración do respecto á liberdade persoal dos usuarios, cumprimentando funcións tan só de asesoramento e orientación, sen participar directamente na toma de decisións.

As situacións non previstas neste regulamento poderán ser resoltas nas reunións de equipo. As propostas resultantes serán efectivas mediante decisión da Concellería do Benestar e a Igualdade.

ARTIGO 7.—DEREITOS E DEBERES DOS USUARIOS

Os usuarios do CIM contarán cos seguintes dereitos:

- 1.—Recibir a prestación dos servizos respectando en todo momento a súa individualidade e dignidade persoal.
- 2.—Ser orientados hacia os recursos alternativos que, no seu caso, resulten necesarios.
- 3.—Ser informados con rigurosidade das programacións de actuacións realizadas polo CIM.
- 4.—Ser informados puntualmente das modificacións que puideran producirse no funcionamento do servizo.
- 5.—Ser oídos sobre cantas incidencias observen no funcionamento e prestación do servizo, así como na calidade do trato humano dispensado.

Os usuarios do CIM estarán suxeitos ós seguintes deberes:

- 1.—Ser correctos e cordiais no trato coas persoas que prestan o servizo, respectando a súa labor profesional.
- 2.—Facilitar o exercicio das tarefas dos profesionais que atenden o servizo mediante a colaboración requirida.
- 3.—Facilitar ós responsables do servizo toda-la información necesaria para a súa prestación, garantizando a súa veracidade.
- 4.—Facer un uso responsable dos servizos, programacións e actividades organizadas polo CIM.

5.—Comunicar á Concellería da área calquera anomalía no funcionamento do servizo.

6.—Informar de calquera cambio que se produza na súa situación persoal, familiar, social e económica que puidera incidir na prestación de servizos polo CIM.

ARTIGO 8.—RECURSOS MATERIAIS

A sede do CIM disporá en todo momento dos necesarios despachos para consultas, en función da necesidade derivada do horario e servizos ofertados ós usuarios. Non obstante, o asesoramento xurídico e psicolóxico será dispensado sempre nun despacho independente e coas condicións necesarias para garantir a privacidade das comunicacións, e aillado do resto dos servizos que puideran ser prestados nas dependencias nas que radica o Centro.

Os locais nos que se realicen as actividades propias do CIM adecuaranse ás normas técnicas, sanitarias, de hixiene e de seguridade previstas pola lexislación vixente que lle resulte de aplicación. Asimesmo deberá cumprir coa lexislación vixente en materia de accesibilidade e eliminación de barreiras.

O CIM disporá en todo momento, para o seu uso exclusivo, de equipos informáticos que reúnan, en cada momento, os requisitos de hardware e software necesarios para a utilización e o correcto funcionamento das bases de datos que sexan ou puideran ser remitidos dende o Servizo Galego de promoción da Igualdade do Home e da Muller para os efectos da súa formalización, contando con acceso a Internet e cunha unidade de lectura CD/DVD-ROM. Asimesmo o centro estará provisto de fax, fotocopiadora, teléfono e material funxible suficiente para o desenvolvemento das funcións que lle correspondan.

ARTIGO 9.—REQUISITOS FUNCIONAIS

O CIM de Bueu garantizará no desenvolvemento das súas actuacións os dereitos que legalmente lle correspondan as súas usuarias.

Permanecerá aberto de luns a venres, establecendo un horario de atención ó público mínimo de cinco horas diarias, das que polo menos dúas serán en xornada de mañán, dando cumprimento ó mínimo esixido pola normativa de aplicación e ofrecendo información ós usuarios do horario e xeito de prestación. En todo caso, os servizos de asesoramento xurídico e atención psicolóxica se ofrecerán ás usuarias, como mínimo, durante 6 horas semanais.

A efectos da súa remisión ó Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, o CIM deberá realizar un informe mensual das consultas realizadas polas usuarias no dito centro, así como a elaboración dunha memoria de funcionamento anual, que deberá ser remitida con anterioridade ó 31 de decembro do ano de referencia.

Tanto os informes mensuais como a memoria anual deberán remitirse con carácter previo á Concellería responsable da área.

Os profesionais encargados da atención psicolóxica e asesoramento xurídico no CIM non poderán realizar actividades profesionais de carácter oneroso respecto dos usuarios do servizo.

ARTIGO 10.—RECURSOS HUMANOS

O persoal deste Centro actuará en tódalas tarefas de apoio que requira a Concellería da área, e fará as derivacións ós servizos xerais ou especializados que fosen precisas para a boa atención e normalización social das mulleres e persoas delas dependentes e, dadas as características do servizo, é imprescindible que manteñan a debida confidencialidade sobre a información relativa ás usuarias.

O CIM contará alomenos co seguinte persoal cualificado:

1.—Director/a: deberá estar en posesión de titulación universitaria superior, preferentemente en humanidades ou en ciencias sociais; asimismo deberá acreditar experiencia en temas relacionados coa igualdade de oportunidades, desenvolvemento comunitario, voluntariado e dinamización social ou de grupos; en todo caso, o seu perfil deberá axustarse ás funcións descritas no apartado 1 Director/a, do presente artigo.

2.—Psicólogo/a: deberá estar en posesión da licenciatura en psicoloxía, contando con formación en temas relacionados coa igualdade de oportunidades e experiencia profesional, ambos extremos deberán acreditarse.

3.—Avogado/a: deberá estar en posesión da licenciatura en dereito, contando con formación en temas relacionados co principio da igualdade de oportunidades e experiencia profesional, ambos extremos deberán acreditarse.

En calquera momento, e de conformidade coas necesidades do servizo, poderá incorporarse persoal administrativo.

No desenvolvemento do seu traballo o persoal do CIM corresponderalle o cumprimento dos obxectivos fixados para o Centro así como a realización das seguintes funcións:

— DIRECTOR/A:

1.—Será a persoa encargada da organización e xestión do Centro de Información ás Mulleres do Concello de Bueu. Para tal efecto velará polo cumprimento dos dereitos das usuarias; en especial aqueles casos que especificamente se refire o artigo 4º do presente Regulamento.

2.—Atención individualizada ás usuarias mediante asesoramento persoal, e, con carácter extraordinario e antes necesidades puntuais, telefónico.

3.—Coordinación da atención específica a mulleres vítimas de violencia de xénero, poñendo á súa disposición os recursos existentes no Concello de Bueu e na Comunidade Autónoma a través da xestión urxente dos servizos policiais, sanitarios, xudiciais e sociais que fosen oportunos.

4.—Levará a cabo a organización, xestión e seguimento de conferencias, encontros, xornadas, exposicións ou cursos de especial incidencia na consecución do principio de igualdade.

5.—Información sobre cursos, estudos e xornadas que se programen no seu ámbito territorial, así como as actividades e servizos desenvolvidos polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

6.—Divulgación e sensibilización da problemática das mulleres impartindo charlas, conferencias, etc.

7.—Organización de exposicións e xestión de programas.

8.—Fomento do asociacionismo e participación cidadán das mulleres.

9.—Recepción, canalización e tramitación de denuncias en materia de discriminación por razón de sexo no ámbito da publicidade e os medios de comunicación.

10.—Coordinación, de ser o caso, do centro de documentación.

11.—Coordinación do CIM cos servizos municipais mediante a realización dun traballo multidisciplinar e, no seu caso, derivación dos usuarios.

12.—Coordinación con outros servizos pertencentes a outras institucións públicas ou privadas.

13.—Elaboración e supervisión de memorias e informes.

14.—Promoción da formación continua en materia de igualdade do persoal dependente do CIM.

15.—Realización de calquera outra actividade que favoreza a consecución do principio de igualdade.

— PSICOLOGO/A

1.—Atención psicolóxica.

2.—Realización de valoracións e orientacións psicolóxicas.

3.—Intervención individual.

4.—Realización de prácticas de grupo e talleres de autoestima.

5.—Participación nas actividades do CIM.

6.—Colaboración na elaboración de memorias e documentos.

— AVOGADO/A

1.—Información e asesoramento xurídico.

- 2.—Participación nas actividades do CIM.
- 3.—Elaboración de memorias e documentos.
- 4.—Mantemento e actualización das bases de datos utilizadas no CIM.
- 5.—Recollida de datos das usuarias.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

O CIM de Bueu, integrado na Rede Autonómica de Centros de Información á Muller, deberá cumprir en todo momento as disposicións reguladoras dos mesmos recollidas no Decreto 182/2004 ou norma que o modifique, debendo proceder no seu caso ás adaptacións necesarias para dito cumprimento.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor, unha vez aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación, ó día seguinte ó da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, sempre que transcurra o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

En Bueu a 27 de Febreiro de 2007.—A Alcaldesa, María Elena Estévez Freire. 2007002343

* * *

CANGAS

A N U N C I O

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 15 de febreiro de 2007 adoptou o seguinte acordo:

Primero.—Aprobar definitivamente o Proxecto de Equidistribución do Estudio de Detalle en Cimadevila Darbo, promovido por Promotora Madajuncal S.L., e protocolizado en escritura pública de reparcelación outorgada diante da Notaría de Cangas Ángeles Otero Seivane o día 9-7-2004 co número de orde 1133 do seu Protocolo.

Segundo.—Aprobar definitivamente o Convenio Urbanístico de execución de Planeamiento no citado ámbito establecendo para o mesmo o sistema de actuación indirecto de concerto que será desenvolvido directamente por Promotora Madajuncal S.L.

Contra o presente acordo, que é firme en vía administrativa poderá interpoñerse recurso de reposición perante a Xunta de Goberno Local ou recurso contencioso administrativo diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses seguintes o día seguinte da súa publicación.

Cangas, 21 de febreiro de 2007.—O Alcalde-Presidente, José Enrique Sotelo Villar. 2007002119

A CAÑIZA

A N U N C I O

Por Xamonería Cafetería A Carballeira, SLU con CIF número B36533230, solicitouse deste Concello licenza municipal para a instalación da actividade de "Cafetería Xamonería", na rúa Silleda, nº 21 baixo, parroquia de A Cañiza.

En cumprimento do disposto no artigo 30.2 a), do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Noxentas e Perigosas de 30 de novembro de 1961 e demais regulamentación aplicable, sométese o expediente a información pública por dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia, para que todo aquel que dalgún xeito se considere afectado pola actividade que se pretende instalar, poida formular as reclamacións ou observacións que estime oportunas.

O expediente pode consultarse en horas de oficina na Secretaría deste Concello, onde se atopa de manifesto.

A Cañiza, 23 de febreiro de 2007.—O Tenente lcalde, Mario Domínguez Durán. 2007002120

* * *

FORNELOS DE MONTES

A N U N C I O

A xunta de goberno local do concello de Fornelos de Montes, en sesión de data 22 de febreiro de 2007, aprobou o padrón do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica correspondente ó exercicio 2007.

Dito acordo é definitivo en vía administrativa.

O padrón queda exposto ó público na casa consistorial durante o prazo de trinta días, contado a partir da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da provincia, anuncio que ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do previsto no artigo 124.3 da vixente Lei Xeral Tributaria.

Durante o dito prazo os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De conformidade co previsto no artigo 12 da Lei 39/1988, en relación cos artigos 87 e 88 do Regulamento xeral de recadación, comunícase ós contribuíntes afectados que o período de pago en voluntaria queda establecido do 16 de marzo ao 15 de maio de 2007. Os citados tributos poderán satisfacerse na sucursal en Fornelos de Montes de Caixanova.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter satisfeita a débeda, determinará o comezo

E D I C T O

Exposición pública do padrón do Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana do ano 2006 aprobado pola Xunta de Goberno Local de 31.07.06.

Lugar: Negociado do Imposto de Bens Inmóveis, a excepción dos sábados que se exporá no Rexistro Xeral.

Horario: De 9.00 a 13.00 horas.

Prazo: 15 días a partir da publicación deste anuncio.

Esta exposición pública producirá os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuren consignadas para cada un dos/as interesados/as. Poderase interpoñer contra elas recurso de reposición previo ó contencioso administrativo no prazo dun mes, a partir do día seguinte ó da finalización do período de exposición pública ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no mesmo prazo, de conformidade cos artigos 222 e 223 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria e art. 137 da Lei 57/2003 de Medidas para a modernización do goberno local.

Vigo, 1 de agosto de 2006.—A Alcaldesa, Corina Porro Martínez. 2006007958

* * *

AGOLADA

E D I C T O

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, na súa sesión celebrada o día 27 de xuño de 2006, o Regulamento sobre Funcionamento do Rexistro Municipal de Parellas de Feito deste Concello, expónse o público na Secretaría-Intervención deste Concello, polo prazo de 30 días, que comenzarán a contarse dende o seguinte ó da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da provincia, co fin de que durante dito prazo podan formularse as reclamacións e suxerencias que se consideren pertinentes.

En Agolada, a 24 de xullo de 2006.—O Alcalde, ilexible. 2006007341

E D I C T O

Solicitando desta Alcaldía don Alberto Vilariño Coego, licenza municipal para a apertura de unha carnicería, a situar en Avenida do Concello nº 64-baixo, cumprindo o disposto no parágrafo a), do número 2 do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, coa fin de que durante o mesmo —que comezará a contarse desde o

día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da provincia— poidan examinalo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Agolada, a 3 de agosto de 2006.—O Alcalde, ilexible. 2006007601

* * *

B U E U

A N U N C I O

Téndose aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada con carácter ordinario ó 5 de xullo de dous mil seis o Regulamento do Centro de Información á Muller do Concello de Bueu, o mesmo sometese a exposición pública e audiencia ós interesados polo prazo de trinta días dende a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da provincia e ós efectos de presentación de reclamacións e suxerencias.

No caso de que non se tiveran presentado reclamacións ou suxerencias, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional.

Bueu, 26 de xullo de 2006.—A Alcaldesa, María Elena Estévez Freire. 2006007344

A N U N C I O

Por acordo adoptado na Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada ó 4 de xullo de 2006, acordouse adxudicá-las seguintes obras:

—Pavimentación, saneamento e alumeadado público Rúa da Pedra (PPC/06)".

Empresa Adxudicataria: "Josybem, S.L., con CIF B-36.055.820".

Prezo de adxudicación: 79.524,73 euros (Prezo de licitación).

Melloras: Execución de maior número de unidades de obra das previstas no proxecto técnico segundo a definición das mesmas que en tal proxecto consta, por importe de 12.238,86 euros (IVE incluído).

Prazo de execución: 1 mes.

O que se fai público para xeral coñecemento, en cumprimento do artigo 93 do TRLCAP.

Bueu, 11 de xullo de 2006.—A Alcaldesa, Elena Estévez Freire. 2006007345